

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP. VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 05/05/20

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata.	Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo.
Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos) breve e sinxela que trate sobre temas familiares.
Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	Comprende o esencial e os puntos principais de textos breves que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador)..
Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación.	Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente .
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais.
Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades.	Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, correos) na que dá as grazas ou fala de si mesmo.
Usar correctamente o dicionario online e outros recursos para a consulta para a elaboración de distintas actividades.	

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Se tomarán en conta todas as observacións e o seguimento sistemático do alumno ao longo do 1º e 2º trimestre, tendo en consideración todos os traballos escritos e actividades de clase, lecturas , actitude de aprendizaxe, e precisión na expresión así como as probas escritas do 1º e 2º trimestre. Tamén se terán en conta todos aqueles traballos enviados polo alumno neste trimestre.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Observación diaria segundo o horario da utilización da plataforma.- Obtención de informes (rexistros, rexistros activos, actividade e participación na materia)- Utilización doutras ferramentas dixitais imprescindibles para a aprendizaxe virtual: uso do correo, mensaxería.
Cualificación final	- Media das cualificacións das dúas primeiras avaliaci3ns, á que haberá que engadir ,de ser o caso, puntuaci3n polo traballo presentado no terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	En canto ao alumnado con esta materia pendente do curso anterior de non alcanzar cualificaci3n positiva no presente curso, aplicarase o mesmo procedemento que na avaliaci3n final. Tendo en conta as probas dos primeiros trimestres, as tarefas enviadas neste trimestre e a observaci3n da actitude segundo o interese, esforzo e participaci3n ao longo do curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Actividades de repaso, reforzo e ampliación colocadas na páxina creada para tal fin en E-dixgal cada semana.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para o alumnado con conectividade farase uso de recursos do libro dixital e actividades e recursos colocados na páxina creada no entorno virtual de aprendizaxe de E-dixgal para tal fin. Para o alumnado sen conectividade imprimiránse os documentos propostos na páxina web para que os servizos do concello llos poidan achegar á súa casa.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - O libro de texto na plataforma dixital E-DIXGAL de Netex, tamén se recurrirá a contidos de Edebé e Aula Planeta para complementar ou reforzar, que tamén se atopan en dita plataforma. - Todos as ferramentas e os recursos na web (videos,xogos interactivos, contidos doutros cursos...)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información ás familias a través da páxina web do centro e do correo electrónico, a través da mensaxería da rede de E-dixgal e dos correos de Abalar.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.